




V ENCONTROS_ORIENTACIÓN-EOE

*Dúvidas razoables sobre o traballo
en Orientación.*

Magdalena Duarte Blanco
Manuel Guerra Fernández

Inspección educativa

A Coruña, 25 de febreiro de 2016

ESQUEMA-GUIÓN

- 1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS**
- 2. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS**
- 3. CONVIVENCIA ESCOLAR**
- 4. PROTOCOLOS**
- 5. CONVENIOS**
- 6. PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO**
- 7. AVALIACIÓNS DA EDUCACIÓN PRIMARIA**
- 8. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (Primaria, ESO e bacharelato).**
- 9. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)**
- 10. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

ALGÚNS ASPECTOS A TER EN CONTA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACS:

1. Duración: un curso (poderá ampliarse en caso de permanecer un ano máis no nivel).
2. Realizarse, con carácter xeral, na educación básica obrigatoria (primaria e ESO).
3. Con carácter xeral, non se contemplan en bacharelato , FP e EI.
4. Poden realizarse en programas de FPB en CEE, pero non en ciclos de FPB en centros ordinarios.
5. No caso de superar unha ACS nalgúñas materias e continuar con materias con ACS sen superar habería que realizar, se procede, unha nova ACS nas materias superadas e revisar as materias con ACS sen superar para valorar se precisan modificación. No caso de que a modificación da ACS das áreas non superadas sexa significativa precisárase nova autorización da inspección educativa.
6. Reflectirase como AC nos documentos oficiais de avaliación e no informe ás familias.
7. O documento de información ás familias é o mesmo que para o resto do alumnado.
8. Antes de realizar unha ACS sería conveniente aplicar outras MAD menos extraordinarias (entre elas, a repetición de curso, aínda que non é preceptivo).

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

CONTIDOS DUNHA ACS: (1/2)

1. Datos persoais (nome a apelidos, data e lugar de nacemento, etapa e curso de escolarización, currículo de referencia e currículo adaptado, período de tempo para o que se propón a ACS,).
2. Datos físicos e de saúde (características físicas e sensoriais, enfermidades padecidas ou crónicas, ...).
3. Datos psicosociais (nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses manifestados, adaptación persoal e social, ...).
4. Datos do contorno sociofamiliar (membros da unidade familiar, expectativas familiares, ...).
5. Datos do contorno escolar (organización do centro e da aula, relación e participación dos distintos servizos educativos, ...).
6. Datos pedagóxicos (competencias adquiridas respecto do currículo de referencia, necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo de referencia, ...).
 - a) *Áreas curriculares adaptadas (competencias clave, obxectivos, contidos, criterios e avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis, grao mínimo de consecución, metodoloxía, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación).*
 - b) *Recursos (humanos, materiais e organizativos).*
 - c) *Planificación do seguimento da ACS (data, persoas que interveñen, rendemento do alumno/a, adecuación dos recursos e da ACS,).*

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

CONTIDOS DUNHA ACS: (2/2)

7. Criterios de promoción.
8. Profesionais participantes (dirección, xefatura de estudos, profesorado das materias adaptadas, xefatura DO, profesorado apoio).
9. Información sobre a reunión na que se decide a pertinencia da ACS.
10. Constancia da información aos/ás pais/nais.

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Alumnado ao que se lle realiza unha ACS en 2º da ESO con materias pendentes de 1º, cómo se xestionan as pendentes?

- ✚ Se un/ha alumno/a escolarizado/a en 2º da ESO ten materias pendentes de 1º da ESO e se lle realiza unha ACS deberíamos supoñer que o currículo adaptado da ACS é o de 1º da ESO,
 - polo que cando o/a alumno/a supere a ACS tamén debería ter acadados os mínimos de 1º da ESO.
 - Os criterios de promoción do alumnado con ACS son os establecidos na propia ACS, polo que se supera a ACS e promociona de curso, a normativa non contempla que teña que recuperar as áreas superadas con ACS.

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Alumnado con ACS en 1º da ESO promociona a 2º con materias pendentes (nas que tiña ACS), considéranse pendentes as materias de 1º e debe presentarse aos exames extraordinarios como o resto, ou ao retomarse a súa ACS en 2º, se esta se supera, pode entenderse que está superada a de 1º?

- ✚ Se un alumno con ACS en 1º da ESO promociona a 2º de acordo cos criterios de promoción establecidos na ACS, e ten algunha área con ACS pendente de superar de 1º habería que revisar dita ACS para valorar:
 - Se se mantén a ACS de 1º curso nas materias non superadas ou se modifica (se esta modificación é significativa deberá ser autorizada pola inspección educativa).
 - Se se realiza unha nova ACS nas materias que o alumno superou en 1º con ACS.
- ✚ Débese recordar que os criterios de promoción son os establecidos na ACS.
 - En todo caso, as medidas extraordinarias de atención á diversidade non poden ir en detrimento de promocionar ou titular.
 - A LOMCE, no art 59, engade unha sección cuarta dentro do capítulo I do título II e un artigo 79 bis, coa seguinte redacción: «Sección cuarta. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe Artigo 79 bis. Medidas de escolarización e atención. **2. A escolarización do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo**

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

No vixente currículo da ESO_LOMCE na CA de Galicia, establece que as ACS *realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións* (Paragrafo 2º do artigo 7.4 do DEC_86/2015, :)

- ✚ No artigo 7.2 do DECRETO 86/2015, relativo ao **aneae**, establece nos mesmos termos que o referido art.79.bis da LOMCE,
 - que “A escolarización do alumnado con **neae** rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo”.
- ✚ Logo, o artigo 7.4 do citado DEC_86/2015 reflicte:
 - A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar **adaptacións significativas dos elementos do currículo**, coa finalidade de atender o **alumnado con necesidades educativas especiais** que as precise.
 - **Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.**
 - **En calquera caso, o alumnado con ACS deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.**

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

ACS EN INFANTIL E PRIMARIA:

- ✚ **ACS en EI:** *O Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de EI na CA de Galicia, no art. 9 refírese á atención á diversidade, pero non fai mención expresa ás adaptacións curriculares significativas en EI.*
- ✚ **ACS en EP:** A LOMCE contempla a organización da EP por cursos, polo que non se poderán realizar ACS por ciclos, senón por cursos en toda a etapa de PRIMARIA a partir do curso 2015-2016.
 - Cando un alumno ou alumna supere unha ACS nalgunha área ou materia e continúe con algunha área con ACS sen superar
 - Haberá que realizar unha nova ACS nas materias superadas, se procede, e revisar as ACS que seguen sen superar para valorar se continúan vixentes ou se modifican parcialmente. No caso de que a modificación da ACS das áreas non superadas sexa significativa precisárase nova autorización da inspección educativa.
 - O/A alumno/a promocionará ao curso seguinte de acordo cos criterios establecidos na ACS
 - O artigo 16.5 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da EP na CA de Galicia, dispón:
 - “Correspóndelle á Consellería competente en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con nees, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado
 - Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referentes os elementos fixados nas devanditas adaptacións”.

1.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

No vixente currículo da ESO_LOMCE na CA de Galicia, establece que as ACS *realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións (Art.8.3 do DEC_86/2015, principios xerais:)*

- ✚ No artigo 8.3 do DECRETO 86/2015, establece como **principios xerais**:
 - *A ESO organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.*
 - *As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da ESO e á adquisición das competencias correspondentes, **e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.***
- ✚ **Logo, no capítulo IV relativo a Avaliacións, promoción e titulación, establece no seu artigo 21.4:**
 - *Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. **Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.***

2.-SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

Alumnado que non estivo exento de 2ª LE: francés en 1º da ESO e promociona por imperativo legal a 2º, sería motivo suficiente para autorizar dita exención?

Ref.norm: **Artigo 5 . f) Orde do 6 de setembro de 2007** pola que se desenvolve a implantación da ESO (DOG do 12 de setembro)

O alumnado de 1º e 2º da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a 2ª lingua estranxeira.

- ✿ Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa/curso anterior, coa colaboración do D.O.
- ✿ A decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

2.-SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

Alumnado que non estivo exento de 2ª LE: francés en 1º da ESO e promociona por imperativo legal a 2º, sería motivo suficiente para autorizar dita exención?

Ref.Nom: **Art. 3.4 da Resolución do 27 de xullo de 2015**, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo):

- O alumnado do 1º curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.

Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa/ curso anterior, coa colaboración do D. O., no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

- En consecuencia,
a norma permite que un/unha alumno/a poida estar exento da segunda lingua estranxeira: francés nun ou nos dous primeiros cursos da ESO, sempre e cando a aplicación desta medida de atención á diversidade estea debidamente xustificada e responda ás NEAE do alumnado.

2.-SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: FRANCÉS

Alumnado que cursou 2ª LE: Francés en 1º e en 2º da ESO pero debe repetir 2º da ESO, é posible que nesta repetición poida estar exento da 2ª lingua estranxeira?

O sentido común indica que non,
aínda que habería que valorar as circunstancias concretas do/a alumno/a por se se produciran feitos excepcionais que xustificaran a aplicación de dita medida de atención á diversidade.

3.-CONVIVENCIA ESCOLAR.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA (Decreto 8/2015):

- Substitúe ao observatorio de convivencia.
- Constituirase no seo do consello escolar.
- Composición: representantes do profesorado, alumnado, familias, PAS e, no caso de centros privados, representante da titularidade do centro.
- Os membros poden coincidir cos dos consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.
- Elabora o plan de convivencia, que será aprobado polo consello escolar.
- Propón ao consello escolar medidas para a mellora da convivencia.
- Elabora unha memoria anual, que formará parte da memoria anual do centro.

3.-CONVIVENCIA ESCOLAR.

PAPEL DO D.O. EN RELACIÓN COA CONVIENCIA DO CENTRO.

- Asesorar á comisión de convivencia no desenvolvemento das súas funcións.
- Colaborar na elaboración do plan de convivencia e das NOFC.
- Colaborar nas accións de mediación escolar.
- Colaborar nos procedementos disciplinarios (conciliado e común).
- Desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido, especialmente, ao alumnado que asista á aula de convivencia inclusiva.

3.-CONVIVENCIA ESCOLAR.

ESTRUTURA DO PLAN DE CONVIVENCIA (Artigo 13 do Decreto 8/2015):

- a) Análise da situación, partindo do diagnóstico da convivencia do centro.
- b) Obxectivos específicos.
- c) Descrición das actuacións, medidas e programas para favorecer a convivencia.
- d) Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
- e) Concreción das medidas ou programas, persoas ou órganos responsables, persoas destinatarias e procedementos para o seu desenvolvemento e execución.
- f) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
- g) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.
- h) Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia, composición, periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
- i) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- j) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
- k) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

3.-CONVIVENCIA ESCOLAR.

REVISIÓN DOS PLANS DE CONVIVENCIA E DAS NOFC:

- DT4ª do DEC 8/2015 (DOG do 27/01/2015): “As normas de organización e funcionamento e os plans de convivencia en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun prazo dun ano desde a súa entrada en vigor”.
- Disposición derradeira 2ª do Decreto 8/2015: “Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia”.
 - ⊕ **En consecuencia**, os plans de convivencia e as NOFC deberían adaptarse ao disposto no Decreto 8/2015 antes 20 de febreiro de 2016.
- ▶ En novembro de 2015 a Consellería de Cultura, E. e O.U. realizou unha **enquisa** para analizar a situación da convivencia escolar.
 - Os **resultados** deberían servir de base aos centros educativos para a adaptación dos plans de convivencia ao disposto no Decreto 8/2015.

4.-PROTOCOLOS

Protocolos que se poden descargar de educonvives.gal

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
- Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020: Cuestionario de convivencia 2015.
- Protocolo de Urgencias Sanitarias: Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica+Addenda e anexos de atención á Diabete.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar, actualizado.

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

4.-PROTOCOLOS

Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso:

- Forma parte do plan de convivencia
- Deberá ser adaptado a cada centro a partir do documento básico publicado pola Consellería de Cultura, Educación e O. U. o 15 de outubro de 2015.
- Debería activarse sempre en caso de existir sospeitas/**indicios** de acoso escolar.
- Fases:
 - ➡ Primeira fase: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.
 - ➡ Segunda fase: Recollida de información e rexistro.
 - ➡ Terceira fase: Análise da información e adopción de medidas.
 - ➡ Cuarta fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

4.-PROTOSCOLOS

Protocolo de atención educativa domiciliaria 1/2

■ Destinatarios:

- ▶ Alumnado que deba permanecer no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo superior a un mes.
- ▶ Alumnado con enfermidade crónica que cause faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

■ Procedemento de solicitude:

- ▶ Solicitude dos pais no centro educativo.
- ▶ Informe do profesorado tutor. Tamén informe DO no caso de alumnado NEAE.
- ▶ Traslado á XT e á inspección educativa.
- ▶ Autorización da XT.

■ Elaboración dun programa individualizado:

- ▶ Polo profesorado da atención educativa domiciliaria a partir da programación facilitada polo tutor, e en coordinación con este e co asesoramento do DO.

4.-PROTOCOLOS

Protocolo de atención educativa domiciliaria 2/2

- Seguimento:

- ▶ O profesorado de atención educativa domiciliaria informará ao centro docente do desenvolvemento desta atención. Elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación.

- A avaliación:

- ▶ A avaliación e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro docente no que está matriculado

4.-PROTOCOLOS

Protocolo de absentismo escolar:

- Absentismo: Falta de asistencia ao centro sen causa xustificada polo menos un 10% do horario lectivo ao mes.
- Inicio do protocolo: Dentro dos 7 días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o 10 % do horario lectivo mensual.
- No caso de que non se solucione o absentismo coa reunión coa familia darase traslado do expediente aos servizos sociais do concello e á inspección educativa.
- En calquera momento no que o profesorado do centro aprecie indicios de desprotección deberá poñelo, inmediatamente, en coñecemento do Concello de residencia do alumno ou da alumna, ou ben notificalo a través do Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI).

4.-PROTOCOLOS

Protocolo de atención temperá:

- Elaborado ao abeiro do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá. [<http://www.edu.xunta.es/portal/node/14357>]
- Finalidades:
 - establecer a coordinación e complementariedade entre os sistemas sanitario, educativo e os servizos sociais na atención aos menores
 - evitar a posibilidade de fragmentación como consecuencia da intervención de múltiples axentes
 - garantir a continuidade do proceso na detección, derivación, seguimento e/ou intervención na protección dos menores de 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos.
- Enténdense por trastorno do desenvolvemento,
 - aquelas situacións nas que, como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participación social ou calquera outro factor contextual, se produce un retraso ou desviación significativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.
- Procesos:
 - detección precoz, a valoración e intervención interdisciplinaria, a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación, a identificación dos trastornos do desenvolvemento, a elaboración e seguimento do plan personalizado de intervención e a coordinación dos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios.

4.-PROTOCOLOS

Protocolo de TDAH:

- Desenvólvese cun enfoque multidisciplinar e interdisciplinar.
- Pretende
 - potenciar a cooperación entre os profesionais de educación e os sanitarios, tanto entre si coma coas familias, para, así, acadar un axeitado desenvolvemento dos nenos e das nenas con posible TDAH
 - e minimizar as súas posibles repercusións negativas, tanto a curto como a longo prazo.
- O TDAH
 - é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e dos adolescentes afectados

4.-PROTOCOLOS

Protocolo de atención en urgencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica:

- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Alerta escolar.
- Actuacións básicas en urgencias de saúde e primeiros auxilios.
- Atención educativa básica ao alumnado con enfermidade crónica.

Comentar un exemplo anónimo_estudio de caso

Alerta escolar contido resposta061.pdf

Alerta escolar contido resposta InspMédica.pdf

5.-CONVENIOS

ACORDOS E CONVENIOS DA CONSELLERÍA CON DIVERSAS ASOCIACIÓNS 1/2

1. **CONVENIO CONSELLERÍA -INGADA (Instituto galego de TDAH) E FUNDACIÓN M^a JOSÉ JOVE:**
 - Obxecto: Programa de formación do profesorado dos centros educativos de educación primaria, ESO e Bacharelato para o tratamento do alumnado con TDAH.
2. **CONVENIO CONSELLERÍA-FEGADAH (Federación galega de asociacións de persoas con TDAH).**
 - Obxecto: Colaboración nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TDAH na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. **CONVENIO CONSELLERÍA- BATA (Baión, asociación para o tratamento do autismo)**
 - Obxecto: Colaboración nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa do alumnado con TEA ou calquera outro trastorno relacionado con TEA, así como do profesorado e das familias.
4. **CONVENIO CONSELLERÍA-DOWN GALICIA (Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down).**
 - Obxecto: Colaboración nas accións para favorecer a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down ou con discapacidade intelectual, de acordo cos principios de inclusión e de normalización.

5.-CONVENIOS

ACORDOS E CONVENIOS DA CONSELLERÍA CON DIVERSAS ASOCIACIÓNS 2/2

5. CONVENIO CONSELLERÍA-ONCE

- Obxecto: Intervención directa, presencial e personalizada co alumno con deficiencia visual. Atención ás familias. Asesoramento ao profesorado da aula. Adaptación de materiais.

6. OUTROS CONVENIOS:

- -

En xeral, todos estes convenios e acordos, deixan autonomía aos centros para que regulen o nivel de intervención, inclusive a entrada, presenza e apoio en aula, etc.

6.-PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

NECESIDADE DUNHA MAIOR ORIENTACIÓN E MELLORAS NOS INFORMES

- Labor de información do departamento de orientación. Implicación no proceso de información sobre escolarización en EI-EP_ESO e BAC, especialmente en zonas nas que hai centros que teñen que baremar resulta prioritaria nos seguintes aspectos:
 - ✚ Informar sobre posibles duplicidades e prazo para anular a reserva de praza desde centro adscrito.
 - ✚ Aclarar dúbidas ao respecto de situacións familiares que presentan certas dificultades á hora de ter en conta no baremo (familias monoparentais, situacións excepcionais que non cumpren co mínimo de 12 meses no padrón municipal, convivencia con familiares distintos dos pais, etc.
 - ✚ Informar sobre as zonas de influencia e zonas limítrofes de cada centro. [S03_IES Arcebispo Xelmírez I.kmz](#)
 - ✚ Informar sobre os recursos complementarios dos centros e recursos de apoio e atención á diversidade. [CentrosSC_Serviz_complem2015-16.pdf](#)
 - ✚ Aclarar dúbidas do calendario e fases do proceso de escolarización.
 - ✚ Procedemento a seguir no caso de que en situacións de divorcio/separación, un dos proxenitores non asine a solicitude.
- Informe psicopedagógico para o alumnado que solicita praza polo cupo de neae (4º de EI, 1º de EP e 1º de ESO).
- Información e valoración do alumnado con nee susceptible de permanecer un curso máis no 1º ciclo de EI.

6.-PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

Aclaración doutras dúbidas escolarización:

1. ¿Cómo proceder no caso de que se reciba comunicación de escolarización subsidiaria extraordinaria (fóra de prazo do proceso de admisión ou xa iniciado o curso) un alumno/a para un determinado nivel pero que despois da correspondente avaliación inicial e primeira intervención do DO, se valora que debe escolarizarse nun nivel inferior, especialmente os casos de procedencia do estranxeiro?
 - A dirección do centro remite a proposta razoada/motivada, xunto coa avaliación psicopedagóxica e os resultados ou diagnose efectuada polo equipo docente na avaliación inicial do alumno/a, con destino á inspección educativa.
 - A inspección educativa emite informe/autorización nun modelo equivalente ao que se insire neste enlace. *INF Autoriz escolariz nivel Inferior incorporac estranxeiro*

7.-AVALIACIÓNS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Avaliación individualizada 3ºEP. (Resolución 24 abril 2015 (DOG do 30/04/2015)).

- **Ámbito:** centros que impartan 3º curso EP.
- **Finalidade:** Comprobar o dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación coa adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.
- **Características da proba para alumnado NEAE:**
 - ✿ Establecemento de medidas para adaptar as condicións da proba ás necesidades do alumnado NEAE.
 - ✿ Con carácter xeral, o alumnado con NEAE realizará a mesma proba que o resto do alumnado.
 - ✿ O alumnado que leve escolarizado no sistema educativo galego menos dun curso escolar completo e cuxa competencia lingüística non sexa suficiente para a comprensión da proba contará co asesoramento lingüístico necesario do seu profesorado, e os seus resultados non computarán para o cálculo dos datos globais.
 - ✿ O alumnado que teña autorizada unha ACS será avaliado de acordo con esa adaptación e os seus resultados non computarán para o cálculo dos datos globais.
 - ✿ A elaboración, aplicación e corrección das probas adaptadas, así como a elaboración do informe individualizado, será responsabilidade do/a titor/a, co asesoramento do equipo docente, da XDO e colaboración do/a PT/AL.

7.-AVALIACIÓNS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Avaliación de 6º EP. (R.D. 1058/2015, de 20 de novembro (BOE do 28 de novembro)).

- **Ámbito:** Alumnado de 6º de EP.
- **Finalidade:** Comprobar o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.
- **Probas:** O deseño, aplicación e corrección corresponde ás Administracións educativas.
- **Ámbitos:** competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- As Administracións educativas establecerán **procedementos para a selección do profesorado externo aos respectivos centros docentes**, encargado de aplicar e corrixir as probas, así como para a realización e o seguimento e supervisión que aseguren unha correcta aplicación e corrección das probas.
- **Alumnado NEAE:** As Administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para adaptar as condicións de realización das probas ao alumnado NEAE
 - En función da necesidade, poderanse adoptar: adaptación dos tempos, utilización de formatos especiais e a posta a disposición do alumnado dos medios materiais e humanos e dos apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das probas.
 - Os responsables da orientación en cada centro realizarán un informe por cada alumno ou alumna con NEAE, que será tido en conta á hora de establecer as adaptacións que procedan, que non computarán de forma negativa na nota final obtida nas probas.

8.-MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (Primaria, ESO e bacharelato).

Ref. Normativas, finalidade e aspectos máis relevantes

- Decreto 105/2014 (DOG do 9 de setembro): 1 hora de libre configuración para 4º e 6º de EP.
- Decreto 86/2015 (DOG do 29 de xuño): 1 hora de libre configuración para 1º e 2º da ESO). Tamén contempla a oferta de materias de libre configuración en 1º e 2º de Bacharelato.
- ✚ O horario establecido como de libre configuración do centro poderá destinarse a:
 - a) Afondamento e/ou reforzo dalgunha materia.
 - b) Materia de libre configuración autonómica.
 - c) Materia de libre configuración do centro.
- ✚ Cando o horario de libre configuración do centro se dedique ao afondamento ou reforzo dalgunha materia, a súa avaliación estará integrada na materia obxecto do afondamento e/ou reforzo.
- ✚ Cando a opción elixida sexa solicitar autorización de materia/as libre configuración de centro (propostas polo centro), debe considerarse:
 - A nivel do procedemento de solicitude/ tramitación
 - A nivel do currículo, programación e avaliación da materia

8.-MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (Primaria, ESO e bacharelato). 1/2

MLCC na ESO e BAC. Aspectos á considerar:

Normativa:

- **DEC_105/2014** polo que se establece o currículo de EP na CA de Galicia (DOG do 9 de setembro). Art.8.5
- **DEC_86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BAC na CA de Galicia.(DOG do 29 de xuño) Art.13º.4
- **ORD_15/07/2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de ESO e BAC, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21 de xullo)
- **RES_27/07/2015**, da DX EFPIE, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da ESO e BAC nos centros docentes (DOG _artigo 12 (capítulo IV)

Aspectos máis saliantables a considerar:

1. A nivel do procedemento de solicitude/ tramitación:

- a. Valorar adecuadamente a decisión de optar por dedicar o horario de LCC a:
 - Ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias recollidas no artigo 13º.4 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño,
 - ou por establecer outra ou outras materias que determine o centro docente, segundo o seu proxecto educativo e logo da autorización da consellería con competencias en materia de educación,
 - ou por impartir algunha das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes.
- b. Definir 1º a xustificación e directrices para a toma de decisión no PEC.

8.-MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (Primaria, ESO e bacharelato). 2/2

MLCC na ESO e BAC. Aspectos á considerar:

2. A nivel do currículo, programación e avaliación da materia:

- a. Cando se trate de materias de LCC propostas polo centro, deben concretar adecuadamente e remitir polo menos a documentación que establece o no artigo 12 (capítulo IV) da RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015.
- b. En concreto debe deseñar e especificar adecuadamente o currículo da materia ou materias propostas, nos mesmos termos que se fai nos currículos de MLC Autonómica.
- c. Posteriormente debe realizar a programación didáctica das respectivas materias ao igual que se fai coas demais materias do currículo.
- d. A avaliación realízase considerándoa como unha materia máis, agás nos casos en que se adica o horario de LCC a afondamento e reforzo, xa que nese caso se avalía coa materia de referencia e non como unha materia máis.

9.-PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

Art. 6º da Resolución do 27 de xullo de 2015):

■ **PMAR de 2º-3º da ESO:**

- **Destinatarios:** alumnado con dificultades de aprendizaxe que repetise cando menos un curso en calquera etapa e que, logo de cursado o 1º curso de ESO, non estean en condicións de promoción ao 2º curso.

■ **PMAR de 3º da ESO:**

- **Destinatarios:** alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e que se atope nalguna das seguintes situacións:
 - a) Ter cursado 2º da ESO, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a 3º.
 - b) Con carácter excepcional, alumnado que ten cursado 3º de ESO e non está en condicións de promocionar ao 4º curso.

9.-PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

Procedemento para a incorporación ao PMAR:

- a) Informe individualizado da persoa titora, en que constará a competencia curricular en cada materia, dificultades de aprendizaxe, medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de incorporación a un PMAR.
- b) Avaliación psicopedagóxica do D.O. No informe constarán as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais.
- c) Unha comisión formada pola xefatura de estudos, a xefatura do D.O. e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao PMAR.
- d) A dirección do centro eleva a proposta de autorización do PMAR á Inspección Educativa.
- e) A Inspección Educativa emitirá a autorización expresa.

Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de dez alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de cinco.

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

REQUISITOS DE ACCESO CON CARÁCTER XERAL. (ORDE do 13/07/2015 _art.10º)

- + Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- + Ter cursado 3º da ESO ou, excepcionalmente, 2º.
- + Ser proposto polo equipo docente ao pai, nai ou á persoa que teña a tutoría legal para a incorporación a un ciclo de FPB.
- + Consentimento dos pais, nais ou tutores legais.
- + Criterios de adxudicación de prazas (criterios de **prioridade**). Art.14º ORD 13/07/2015:
 - a) Alumnado que teña cursado 2º da ESO.
 - b) Alumnado que teña cursado 3º da ESO.
 - c) Alumnado que teña cursado 4º da ESO.
 - Dentro de cada grupo ordenarase de menor a maior idade.
 - Desempate:
 - Favorecer o fomento das vocacións en áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes.
 - Letra anual do sorteo para a escolarización en EI, EP, ESO e Bacharelato.
- + Se quedan prazas vacantes, poderán completarse con persoas: (Art.15.1 ORD 13/07/2015)
 - a) Que teñan 17 anos e non estivesen escolarizadas no curso escolar anterior, ou que teñan 18 ou 19 anos, ou que fagan 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
 - b) Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.
- + **Nº máximo de alumnos/as por grupo: 20 e ANEE conta dobre.**
- + **Reservarase o 10%** das prazas para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade (art. 13º da Ord. 13/07/2015) .

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- ➡ A FPB ten neste momento certa necesidade de mellora na proposta de alumnado, acceso e admisión, programación e desenvolvemento da acción tutorial.
- ➡ Faise especialmente notoria a mellora no **contido do Consello Orientador**
- ➡ Desde os centros educativos, en ocasións non se está levando a cabo da forma máis correcta a valoración e o proceso de toma de decisións. nos seguintes aspectos da normativa:

ORD do 13/07/2015 pola que se regulan as ensinanzas de FPB na CA de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

- Artigo 2. Finalidade: ***...que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.***
- Artigo 3. Persoas destinatarias da oferta obrigatoria das ensinanzas de formación profesional básica.
- A oferta obrigatoria dos ciclos formativos de FPB está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no **artigo 15 do Decreto 107/2014**, e ***cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.***

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Se ben desde os centros de orixe, se procede conforme ao establecido no artigo **11 orde do 13/07/2015** en relación coa proposta de incorporación de alumnado á oferta obrigatoria, e asemade, tamén o Consello Orientador segue a estrutura do modelo do anexo II, en tanto que se informa sobre, os aspectos que se insiren de seguido, a súa concreción debería mellorarse:
 - O grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
 - As dificultades de aprendizaxe presentadas.
 - As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
 - Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica.
- Sendo en ocasións, escasamente relevante ou mesmo suavizada a situación real do alumnado proposto, faise especialmente necesario, cumprimentar con certo detalle o apartado ***“PROPOSTA . Recoméndase que o/a alumno/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica polos seguintes motivos: “***
- Enlace aos anexos da Orde: MD solicitFPB MD C Orientador consentim comunicprop.pdf
- Ver exemplos parciais e de forma anónima Exemplos parciais anónimos de Consello Orientador

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- Adicionalmente, no proceso de admisión do curso 2015-16, detectáronse solicitudes que foron efectuadas e logo admitidas polo centro en modelo/versión obsoleta. Convén fixarse neste aspecto, xa que logo, entre outras cuestións, non consta a petición de 2ª opción para casos en que hai que baremar e previsiblemente non son admitidos na 1ª opción solicitada, etc.
- Na adxudicación subsidiaria, detectouse alumnado e familias cun escaso coñecemento das características destes ciclos ou das opcións solicitadas, etc. Necesidade de mellora na orientación previa á remisión das propostas de inclusión na FPB.
- Detéctanse tamén en ocasións, discrepancias nos centros receptores deste alumnado nos ciclos de FPB, discrepancias con determinado alumnado proposto, inclusive situacións nas que parecía máis adecuado realizar a proposta para programas destes ciclos de FPB en CEE ou noutras ofertas de programas en centros específicos, non así nun ciclo completo.
- Tamén se detectaron casos, nos que a criterio do equipo docente do centro receptor, se valoraba que se tiñan fundadas posibilidades de obter o título da ESO continuando os seus estudos no centro de orixe, pero que despois non se puideron reconducir por diversas razóns.
- Os centros receptores de alumnado para a FPB demandan máis información.
- **Faise, polo tanto necesario que haxa un maior contacto e intercambio de impresións entre os DO** dos centros que formulan a proposta e os posibles centros receptores deste alumnado (onde terminan logo cursando o ciclo de FPB).

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- En todo caso, detéctase que é necesario dar un cumprimento máis preciso do establecido no artigo 11.1, alínea c) da referida orde do 13/07/2015 no relativo a que *“O Departamento de Orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca **das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica**”*.
- Faise especialmente necesario, incrementar a información relativa ao perfil ou perfís nos que manifesta preferencia o alumnado proposto (realizar una visita programada aos centros onde se oferta FPB e solicitar información do seu desenvolvemento, etc).
- Convén ter en conta que de conformidade co establecido no artigo 11,2, da antedita orde do 13/07/2015 e *“**Utilizando o mesmo procedemento, o equipo docente poderá realizar a proposta de incorporación a un ciclo de formación profesional básica do alumnado escolarizado na educación secundaria obrigatoria con 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.**”*
 - Non é convinte que este alumnado formule solicitude de admisión na FPB sen que exista a dita proposta traballada e igualmente fundamentada.

No relativo ao modelo do Consello Orientador, hai que observar o establecido na DT_2ª da referida orde do 13/07/2015 en tanto que reflicte *“O modelo de consello orientador establecido no anexo II desta orde será de aplicación entanto que non se estableza un modelo adaptado ás modificacións introducidas no currículo da educación secundaria obrigatoria pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- ➡ O consello orientador, está regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE do 10 de decembro de 2013).
- ➡ No artigo 19º da dita LO, establécese que artigo 28.7 da LOE relativo A avaliación e promoción do alumnado na ESO, queda redactado da seguinte maneira:
 - *Coa finalidade de facilitar que todos os alumnos e alumnas logren os obxectivos e alcancen o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, as administracións educativas establecerán medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. **A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.***
 - *Ao final de cada un dos cursos de ESO entregarase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno ou alumna un **CONSELLO ORIENTADOR**,*
 - ⊕ *que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, se for o caso, ao alumno ou alumna do itinerario máis adecuado que pode seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ou a un ciclo de formación profesional básica.*

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

- O No artigo 21 da citada LO_LOMCE, modificando o artigo 30 da LOE, no relativo à **“Proposta de acceso á formación profesional básica”**, reflicte que
O equipo docente poderá propor aos pais, nais ou titores legais, se for o caso a través do consello orientador, a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo de FPB cando o grao de adquisición das competencias así o aconselle, sempre que cumpra os requisitos establecidos no artigo 41.1 desta lei orgánica.»
- Tamén o artigo 23.7 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na CA de Galicia. (DOG do 29 de xuño), no relativo á promoción na ESO, establece que,
 - ✚ *Ao final de cada curso de ESO entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.*
 - ✚ *Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha **recomendación** aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un PMAR, ou a un ciclo de FPB.*
 - ✚ *O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.*
 - ✚ *Na DA_5º do citado DEC_86/2015 considera o consello orientador de cada un dos cursos da ESO como un documento oficial de avaliación, xunto con outros alí reflectidos.*

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

FLEXIBILIZACIÓN. Ref. Norm:

+ **ORD_13/07/2015** pola que se regulan as ensinanzas de FPB na CA de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas. (DOG do 22 de xullo).

■ *[Art, 28 Artigo 28. Flexibilización modular e art. 29.10 no que se reflicte a aplicación o regulado no referido artigo 28 tamén para os programas formativos de FPB.]*

+ **ORD_12/07/2011** pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG do 15 de xullo).

■ *[Capítulo VI.-Alumnado con necesidades educativas especiais, artigo 15. Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos, artigo 16. Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular e a art.17. Prazos no procedemento de flexibilización]*

+ Non confundir coas posibilidades que da a **RES_27/07/2015**, da DX e EFPIE, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2015/16. (DOG do 7 de agosto de 2015).

■ *[Apartado sexto, puntos 2 e 3 relativos a horario do ciclo formativo, pero referido só a centros que precisen unha modalidade horaria especial ou modalidades horarias diferentes adecuadas ás singulares características de colectivos concretos]*

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Particularidades, características e condicionantes da da fragmentación modular, tanto en ciclos de FPB como de FP no contexto da flexibilización modular para aneae/anees.

- As posibilidades que da a ORD_13/07/2015 no seu artigo 28.1 e a de ***cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico: a) Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral; b) Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.***
- No art.28.2, alínea a) punto 4º, indica que entre outra documentación debe figurar a ***“proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas, no caso dunha temporalización e distribución distinta á xeral, ou proposta de desenvolvemento curricular de cada módulo en máis dun ano, no caso da fragmentación por cursos”***
- Asemade, hai que ter en conta que conforme ao artigo 29.10 é de aplicación o regulado no referido artigo 28 tamén para os programas formativos de FPB, é dicir, ***pódese formular tamén unha flexibilización modular no caso de programas formativos.***
- No caso de FP inicial (CM ou CS) o artigo 15 da ORD 12/07/2011 só da a posibilidade de formular a flexibilización de ***xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.***
- En todo caso a proposta debe formularse, figurando os módulos de todo o ciclo ou de ser o caso de todo o programa formativo, con independencia de que ao inicio do seguinte curso, se poida reformular a dita flexibilización de forma motivada.

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Necesidade de melloras na concreción e desenvolvemento do PAT e accións de tutoría na FPB, especialmente nos ciclos en CIFP.

- Cando se observa o **desenvolvemento da tutoría nos ciclos de FPB** tamén se detecta que non se tratan e traballa de forma suficiente o establecido no Artigo 7.5 da ORD do 13/07/2015 , non que atinxe ás **diferentes accións do PAT** do centro para o alumnado destes ciclos de FPB, é dicir:
 - a) Técnicas de estudo e organización do traballo.
 - b) Resolución de conflitos.
 - c) Fomento da responsabilidade individual e da autoestima.
 - d) Habilidades comunicativas.
 - e) Traballo en grupo.
 - f) Destrezas que permitan programar e xestionar o futuro educativo e profesional.
 - g) Información e orientación que lle garantan ao alumnado unha adecuada toma de decisións sobre o seu itinerario educativo e profesional ao remate do ciclo de formación profesional básica.
- Algúns destes aspectos, trabállanse de forma puntual cando hai problemas ou mesmo se poñen de manifesto nas reunións do equipo docente, pero non de forma suficientemente pautada e coordinada xa desde o inicio do desenvolvemento dos ciclos en cada centro.

10.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Título de FPB e título da ESO para o alumnado que finaliza a FPB no curso 2015/2016 e 2016/2017

- + O alumnado que supere un ciclo de FPB, obterá o título de formación profesional básica e este título dá acceso aos ciclos de grao medio.
- + Ref. Normativa: DT única do RD 1058/2015 (BOE do 28 de novembro).
Obtención do título de Graduado en ESO polos titulados en FPB nos cursos 2015/16 ou 2016/17:
 - ▣ Os alumnos e alumnas que **obteñan un título de FPB nos cursos 2015/2016 ou 2016/2017**, en tanto no sexa de aplicación a avaliación prevista no artigo 44.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, poderán obter o título de ESO, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que acadaron os obxectivos da ESO e adquiriron as competencias correspondentes.
 - ▣ Nestes casos, **a cualificación final de ESO será** a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Grazas pola súa atención

mdb@edu.xunta.es
manuel.guerra@edu.xunta.es